

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA "PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS (gastos diversos)."

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 32-2021, por un importe total de 15.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da "Programación de actividades culturais (gastos diversos)", segundo se pon de manifesto na providencia do Xefe de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, don Xosé Manuel Cao Rei, de data 17/09/2021, coa conformidade da responsable da área xestora, dona Tareixa A. Ferreiro Tallón.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1470 de data 18/09/2021, así como RCMOD: 2021/65023 de data 17/09/2021, por importe de 15.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 15.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
33801.22699	213380101	15.000,00 €	33000.22699	15.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		15.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	15.000,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac3325940666314222365.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 32-2021 Actividades culturais

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.